
O QUE LLE ACONTECEU A BARNABY BROCKET

Texto de JOHN BOYNE

Ilustracións de OLIVER JEFFERS

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Encadernación rústica. 13,5 x 20 cm. 260 páx. 14 €
ISBN 978-84-15250-74-6. Factoría K de Libros. Narrativa K.

Esta é a historia de Barnaby Brocket, e para comprendermos a Barnaby, primeiro hai que comprender os seus pais: unha parella que lle tiña tanto medo a calquera que fose diferente que acabaron facendo unha cousa terrible de espantosas consecuencias para todos aqueles aos que amaban...

A familia Brocket é a máis normal de toda Australia. Os señores Alistair e Eleanor Brocket están orgullosos da súa normalidade e non queren saber nada de xente rara. Mais cando nace Barnaby, o seu terceiro fillo, a súa vida verase fundamentalmente alterada: Barnaby non é un ser «normal». Entre outras cousas porque non obedece a máis básica regra de todas as regras: a lei da gravidade... e flota!


Un día a señora Eleanor Brocket pensa que aquilo ten que rematar porque ela só desexa vivir unha vida normal, cuns fillos normais e, pola contra, é a nai dun neno estraño e flotante! Por iso, os Brocket deciden que Barnaby ten que marchar e bótano da casa. Así comeza a divertida viaxe deste rapaz; unha andaina polo mundo na que fará novos amigos... aínda que pouco normais.

John Boyne propón unha lectura reflexiva sobre a diversidade, a aceptación da diferenza e a autoestima. Canda o protagonista desta tenra historia, repleta de referencias aos grandes clásicos da literatura universal, atópase unha galería de atípicos personaxes, con cadansúa lección de vida.

As ilustracións de Oliver Jeffers -a modo de sinxelas viñetas- transportan as lectoras e os lectores ata os escenarios e os episodios máis destacados na curta biografía deste mozo.



O NACEMENTO DE BARNABY



-
- **Temática:** diversidade, tolerancia.
 - **Idade recomendada:** público xuvenil e adulto.
 - **Aspectos destacables:** viaxes, aventuras; relacións familiares, amizade, superación; do autor de «[Motín na Bounty](#)», «[O neno do pixama de raias](#)» e «[Noah Barleywater escapa da casa](#)» (FAKTORÍA K).
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/bar-naby-brocket-g>
-

John Boyne

(Dublín, 1971)

Estudou Literatura Inglesa no Trinity College de Dublín e Escritura Creativa na Universidade de East Anglia, en Norwich. Ten publicadas máis de dez novelas, entre as que destacan varios best-sellers internacionais, como «O neno do pixama de raias», que foi traducida a máis de corenta linguas. Esta obra converteuse axiña nun fenómeno editorial ao vender máis de cinco millóns de exemplares en todo o mundo. Gañou dous Irish Book Award e foi finalista dos premios Borders Original Voices e Ottakar's Children's Book Prize. Tamén encabezou a lista dos libros máis vendidos do diario The New York Times e en España a revista *Qué Leer* galardoouno co Premio dos Lectores en 2007. En setembro de 2008 estreouse a súa adaptación cinematográfica, dirixida por Mark Herman. Por outros títulos, Boyne foi proposto tamén ao Premio Ungari Unicef e á Medalla Carnegie.

<http://www.johnboyne.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
